

Protocolo de contención mecánica (suxestión)

Expediente: I.5.Q/14645/22

Santiago de Compostela, 29 de Novembro de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun cidadán referente ás circunstancias nas que se produciu o falecemento do seu familiar, paciente diagnosticado de insuficiencia respiratoria global, no traslado en ambulancia a unha das plantas de hospitalización do complexo hospitalario do Hospital da Coruña.

ANTECEDENTES:

Nesa queixa, esencialmente, indicaba que acudiu con seu pai a urxencias do CHUAC onde o diagnosticaron de insuficiencia respiratoria global, crise comicial e pneumonía, indicando traslado para ingreso ao hospital Abente e Lago. Ao chegar a ambulancia, na que se efectuou o traslado do doente ao devandito hospital Abente e Lago, a persoa promotora deste expediente atopa a seu pai atado cunha máscara ladeada non conectada ao osíxeno e sen signos vitais. Refire tamén que viña só na parte de atrás da ambulancia sen persoal de ningún tipo que o vixiara.

Ante iso requirimos, información a esa Consellería de Sanidade. No informe achegado, esencialmente, sinalábase o seguinte:

Revisado no aplicativo CONTACTE o historial das reclamacións relativas ao paciente D. XXX, atopamos os seguintes rexistros:

- Reclamación presentada o 19/05/2021 por Dna. XXX, na que detalla os feitos acaecidos o día 13 de maio de 2021, cando o Sr. XXX, acudiu a urxencias do HUAC e tras ser estabilizado, trasladáronlle ao Hospital Abente e Lago nunha ambulancia só con condutor; ao chegar a este hospital esperáballo o fillo XXX, que a abrir a porta da ambulancia, segundo manifesta, atopa ao seu pai atado, cunha máscara ladeada, sen estar conectada a fonte de osíxeno e sen signos vitais. O certificado de defunción atribúe a morte a parada cardio-respiratoria debida a insuficiencia respiratoria.

Por todo iso solicitan aclárese:

1. - Tipo de unidade solicitada polo HUAC para o traslado.
2. - Razóns polas que foi trasladado sen osíxeno.
3. - Razóns polas que só ía un condutor, sen persoal sanitario.
4. - Informe de alta e condicións nas que foi entregado o paciente á ambulancia.

- Reclamación presentada o 21 de xaneiro de 2022 por D. XXX, solicitando contestación á reclamación presentada o 19/05/2021.

- Reclamacións presentadas os días 4 de abril e 10 de maio de 2022, por D. XXX, solicitando resposta ás reclamacións anteriores.

- Todas as Reclamacións foron acumuladas no programa CONTACTE e contestadas o día 18 de outubro de 2022, informando á Sra. XXX, que o transporte sanitario realizado axustábase ao establecido no Decreto 52/2015 que regula o transporte sanitario en Galicia.

- Reclamación presentada o 12/12/2022 polo Sr. XXX, solicitando de novo resposta.

- Esta Reclamación foi contestada o 15/12/2022, pedindo desculpas pola xestión das reclamacións anteriores e informándolle de que as decisións sobre o traslado dun paciente a outro centro tómanse en base a criterio médico derivado da patoloxía do paciente e que o tipo de transporte asignado para o traslado decídese en función do estado do paciente, de acordo cos protocolos establecidos.

Consultado o servizo de Orde Interna e Seguridade desta Área Sanitaria infórmanos que, para o caso concreto do traslado de D. XXX, o día 13 de maio de 2021:

1.- O tipo de ambulancia solicitada foi un tipo ou clase A2 (transporte colectivo).

2.- Todas as ambulancias, sexa o tipo ou clase que sexa, levan osíxeno en cumprimento do establecido no Decreto 52/2015, de transporte sanitario en Galicia:

ANEXO I. TÁBOA 8: Equipamento para ventilación/Respiración:

2. Bala portátil de O₂ con capacidade mínima de 400 litros (a temperatura e presión normais), caudalímetro/rotámetro con caudal máximo non inferior a 15 litros/min. e válvula reguladora, con conexión rápida.

3.- En canto á dotación de persoal para o tipo de ambulancia solicitado A2, só requírese Técnico de Transporte Sanitario, de acordo con o Anexo II do citado Decreto:

ANEXO II: Dotación de persoal

1. As ambulancias non asistenciais das clases A 1 e A2, deberán contar, como mínimo, coa seguinte dotación de persoal:

a) Un/unha condutor/a que dispoña, como mínimo, do certificado de profesionalidade de transporte sanitario, previsto no Real decreto 710/2011, do 20 de maio, ou a habilitación prevista no presente decreto.

b) Cando o tipo de servizo o requira, outro persoal en funcións de axudante, coa mesma cualificación.

Da historia clínica do paciente en IANUS temos que o paciente foi levado a urxencias do CHUAC polo 061, onde se lle diagnostica crise comicial, pneumonía e insuficiencia respiratoria global, solicitándose valoración por Medicina Interna; no momento da valoración por Medicina Interna, o paciente atopábase con insuficiencia respiratoria, axustouse a osixenoterapia e tramitouse o ingreso, que foi asignado en Medicina Interna do Hospital Abente e Lago.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe desa Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Estamos ante un doente diagnosticado, segundo o informe remitido, de crise comicial, pneumonía e insuficiencia respiratoria global ao que se lle indicou ingreso hospitalario e, segundo o relato dos familiares, ao que se lle aplicou contención mecánica durante o seu traslado en ambulancia ao hospital de destino, traslado que se efectuou sen ningún tipo de acompañamento segundo o relatado pola persoa promotora deste expediente. A este respecto, no informe trasladado pola administración sanitaria sinálase que se prescribiu un transporte colectivo para o doente e que este tipo de transporte conta, no que respecta ao persoal, unicamente cun condutor se ben se traslada que se pode dispor doutro persoal en funcións de axudante coa mesma cualificación se o caso o require. Nada se traslada dos motivos polos que neste caso concreto non se dotou ao transporte sanitario deste persoal de apoio.

A persoa promotora desta queixa refire que se utilizou un procedemento de contención mecánica co seu familiar durante o traslado en ambulancia do servizo de urxencias do CHUAC á planta de hospitalización do Hospital Abente e Lago sen ningún tipo de acompañamento e sen que ninguén lle advertise aos familiares sobre esta circunstancia.

Non é o obxecto desta institución realizar unha valoración da actuación médica respecto da indicación do procedemento de contención mecánica pois esta institución carece dos coñecementos técnicos que lle permitan avaliar a corrección da actuación médica neste sentido, máis porén, débese realizar unha supervisión e comprobación do cumprimento das pautas que deben ser respectadas en todos os procedementos de contención mecánica garantindo así o pleno exercicio dos dereitos dos doentes en especial aqueles máis vulnerables por razón de idade ou o seu particular proceso asistencial sometidos a este tipo de técnicas.

Estas pautas segundo a *Instrucción 1/2022, de 19 de enero de la Fiscalía General del Estado sobre el uso de medios de contención mecánicos o farmacológicos en unidades psiquiátricas o de salud mental y centros residenciales y/o sociosanitarios de personas mayores y/o con discapacidad* son:

- Ninguén pode ser sometido a ningún tipo de inmovilización ou restrición física sen previa prescripción facultativa salvo perigo inminente para a seguridade da persoa ou de terceiros. Debe acordalo o profesional responsable do proceso asistencial e conforme ao protocolo correspondente.
- Para a aplicación dunha contención será imprescindible a prestación de consentimento informado polo doente ou de ser o caso o do seu representante legal de acordo co estipulado na *Ley 41/2002, de 14 de noviembre, básica reguladora de la autonomía del paciente y de derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica*. Este consentimento informado debe ser explícito para cada situación, para cada persoa, e referido ao momento concreto no que se toma a decisión non sendo válidos os consentimentos xenéricos nin os diferidos no tempo.
- O centro sanitario debe dispor dun protocolo para o uso da contención mecánica que se prevexa no que se estipule a indicación o procedemento de instauración e a súa supervisión. Deben establecerse pautas de vixilancia permanentes desta medida.
- Debe realizarse a correcta documentación da medida aplicada respecto de cada paciente, especificando a indicación, o uso e o tipo de contención, así coma a súa duración.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **suxestión**:

Que se valore establecer un protocolo de contención mecánica para os casos nos que se indica este procedemento durante o traslado dos doentes en ambulancia a zonas distantes dos complexos hospitalarios.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo